

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Pena das Airas de Vilacide

A Pena das Airas está en Vilacide, parroquia de Cabreiros, concello de Xermade (Lugo). Unha muller que pasou por alí viu unhas airadas de trigo pois, polo visto, os mouros poñen a secar o trigo no máis alto do castro onde viven.

Aquela muller, xa ora, contoulles aos veciños o que vira mais cando volveu por aquel lugar caeu nun furado e disque foi ver a luz a Santo André de Teixido.

Desas *airadas* que viu a muller venlle o nome á pena.

BIBLIOGRAFÍA

XERMADE, O MEU POBO, Traballo realizado polos alumnado da 2ª etapa de E. X. B. do Colexio Público de Xermade, curso 1993-94, coordinado por Modesta Novo Muínelo e Águeda Fraga Pita, editado pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, 1994.